

1-XII-78

Ricardo García Suárez (Xobau Ledo)

Querido Luis:

Crarexaria primerio que era eu quen agardaba carta túa, no é que ma deberas, pois sabía por Domingo e Dónega que estabas moi atafegado, e a túa carta é pramin unha gozosa confirmación de que mantés as tuas forzas. E mooriso nen me sinto agraviado, nen cheguei a sentirme esquecido.

Parece-me moi boa a tua insistencia no tema dos retratos; non deixo de considerala unha das tuas temias mais xenerosas. Tes un interes real e dereito polas xentes que sempre me emocioa e enleva. Decátome vendo o teu de que o meu é ben pequeno. No sei, fixen poucos retratos e sempre ocasionalmente, somentes lembro con certo cariño unha silueta de Pondal escribindo de pé, e mais ainda un de Lamas Carvajal que non tendo o meu ver valor estético, por outra banda parece-me que responde a isa realidade que dis ti perciben os ollos e pola que xugamos aos homes; e tratándose dun morto que non coñecin teño de admitir que axñustase á irrealidade que pra min é Lamas Carvajal: unha ánima. Dos outros non fiquiei moi contento e, abofé, mesmo teño esquecido habelos feito. Poderíamos falar de represión freudíán dun soterrado sentemento de habelos traicionado.

O Freud e mais a beata consideracion do empedrado dos camiños do inferno poden chegar a ser consoladores pero non absolutorios. Agira mesmo ven de aparecer no Grial, despois de moito tempo, un pequeno escrito meu adicado a Colmeiro. Forase demorando pola miña culpa, pois que posto a escribir ensarillei algo ambicioso de mais: unha disertacion en col da paisaxe pictórica rematada con unha consideracion da pintura paisaxística galega. Ben, feita primeira parte, a paisaxe pictórica, e prantexada a segunda, a paisaxe galega, decatei-me que pra lle dar o seu cabo natural, compria recurrir a unha abondosa ilustración -xa sei que posibel botando man a dotacion dos museus galegos- proque convittia un artigo nun libro. Cortei e peguei, pretendendo artellar, e publicouse un artigo que me tirou o desacougo e pesar polas demoras e desleixamento no comprimento de miña primeira intención pro que non chegou a ser un escrito equilibrado e lucidío.

Deiqui a pouco, como saberás, votarase a Constitucion; que non contenta ninguén, o cal faime temer por ela. Pragmaticamente debера ser a miña opinion que mais val malo coñecido que o peor por coñecer; pro no deixo de sentireme amolado. A outra novidade é a reaparición do

Partido Galeguista, que tampouco miro con optimismo. Hoxe e día de laios. Véxoo moi virado á dereita pro meu gosto, por parte a intervención -avisada, insinuada ou verdadeira- de xentes recen chegadas ao galeguismo dan pra min un resultado desilusionador, ou cando menos desconfiado. Figuro me que cando abro os ollos a lús de mencer percebo como compañeiros da viaxe no tren xente que deberon subir nas sombras da noite. Non é que en caso algun goste eu de facer coutos -pretender que vou no meu tren-nen pretenda pedir cerimonias purificadoras -un spray por se chegan contaminados- ou pedir certificados de pureza de sangue; eu deixarei que me conten a su vida pero o que non quero e que veñan, de primeiras, a explicarme a mña. Vendo como os partidos, dende o comunista ao de Alianza popular, defenden autonomías e usan a lingua galega -o que considero como un triunfo postreiro do vello partido-coido que era necesario un Partido galeguista mais desacordado con eles, afirmando rudamente a sua raigaña galega, e levando á estremosidade o seu popularismo galego -labregos, mariñeiros e mais o obreiro baixo- e o afastamento de toda camiño capitalista.

Lédome de saber que pensas na volta definitiva á Terra. E xistamente porque penso na túa utilidade pra Galicia, unha utilidade que tí non podes medir, e unha utilidade que, digo, non vai ser toda a que é posibel aproveitar. Serás tí quen te vacies como un limon, é o teu costume sen remedio.

Unha forte aperta e agarimos pra tí e ^haruxa de Mimi, dos meus filos e meus

Quinto